



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

MATERIAS AFÍNS

Dende ANPAS GALEGAS levamos tempo recibindo queixas das familias pola falta de formación de moito do profesado que imparte materias afíns; queixas que son, dende logo, incompatíbeis co discurso da alta calidade do ensino público galego que se fai dende esa consellaría; un discurso no que, a nada que rañamos, atopamos eivas por todos os recunchos.

Como é posible que na educación secundaria obrigatoria e no BAC non exista un criterio lóxico á hora de repartir as materias e deseñar a programación dos centros de ensino? Nin sequera unha normativa pola que guiarse máis aló do *Real Decreto 286/2023, do 18 de abril* no pouco que poida servirnos a este efecto.

Falamos de que non todo o profesorado pode impartir calquera materia, porque non se lle pode supoñer esa formación cando non se lle exige á hora de optar a unha praza, porque estamos a falar de acadar un obxectivo moi importante : a formación do alumnado.

E cando falamos de “optar a unha praza” incluímos todas as casuísticas, porque a persoa docente que veña a substituír a outra non debera herdar unhas afíns nas que non tivo ningunha participación, e das que non poida ter ningún coñecemento nin capacitación para impartir.

Volvendo á coherencia, o criterio para distribuír afíns debera vir regulado dende a Consellería de educación no uso das súas competencias, e esa regulación debera evitar que se dea a posibilidade de que un docente imparta unha materia que realmente descoñece. Ou é que estamos a considerar que só unhas poucas materias son importantes, dependendo do centro de ensino, e merecen o especialista axeitado e o resto son só para encher o currículo?.

Porque, se é iso o que se pretende, tamén debera ser coñecido e estar regulado, non si?. E de paso coa explicación convincente ao alumnado e as súas familias de por que se distribúen tan alegremente esas materias entre profesorado que non ten que presentar unha garantía de formación sobre elas.

Polo exposto, solicitamos:

- Organización das materias por ámbitos de coñecemento, e dos requisitos mínimos que garantan suficientemente a formación necesaria para poder impartilas.
- Instrucións claras sobre a oferta e proceso de elección de afíns, que impidan o oportunismo actual e aseguren que o alumnado galego vai ter profesorado competente nas súas aulas.

Compostela, na data da sinatura electrónica do presente escrito.

Fernando Lacaci – Presidente

Isabel Calvete – Vicepresidenta

Dirección Xeral de ordenación e innovación educativa